

A pedra e as formigas



A pedra e as formigas

Jacobo Fernández Serrano

Título:	A pedra e as formigas
Autor:	Jacobo Fernández Serrano
Ilustrador:	Jacobo Fernández Serrano
Editorial:	Xerais
Colección:	Merlín
Nº páxinas:	64
ISBN:	978-84-9782-483-5
Idade:	De 7 anos en diante

XERAIS



o autor e ilustrador

Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971)

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid.

Traballa especialmente no mundo da banda deseñada.

Autor da serie *Os amigos de Archimboldo Roque*, publicada na revista *Golfiño*.

Ademais de pintor, defínese a si mesmo como retratista e ilustrador.

Vencedor do III concurso Castelao da Deputación da Coruña coa obra *As aventuras de Cacauequi* (2007).

No 2005 publicou, na colección Merliño, *A gardería de Dona Bixelmina* da que é ilustrador e autor.

Máis información na web: www.jacobofernandezserrano.blogspot.com

o libro


Dúas formigas andan polo mundo.

Pasan á beira dun bosque e ven algo máxico: unha xirafa que bebe a luz do sol que pasou entre a follaxe. Sentan a tomar a merenda apoiados nun gran pelouro e escoitan a voz dunha moza que conta como unha bruxa a enmeigou manténdoa presa dentro da pedra. Non saben como desfacer o feitizo así que deciden cargar coa pedra ata o formigueiro, pero como polo camiño a moza deixa de cantar pensan que non lles vai servir de nada pois vanse rir deles e ninguén axudará á princesa encantada. Ocorreselles unha solución: tirar a gran pedra desde un barranco para que rache e poida saír a moza. Cando chegan abaixo atópanse con que aquela pedra desfíxose en sete e de cada unha delas sae a voz dunha moza que canta a mesma canción.

Sacaraos da súa desesperación a xirafa, despois de anunciarlles que as cousas de maxia só se arranxan con maxia, ao soprar unha raiola de sol sobre cada unha das pedras aparece unha mociña, sete en total. Todos felices, só haberá que acompañalas á casa para explicarlles aos pais que foi o que pasou.


Unha obra que bebe da tradición e do surrealismo.

temas e valores




As formigas e a súa sociedade

Unha aventura tras doutra.




As xirafas



A tradición

Os seres míticos: meigas e demos. O mundo da maxia. Encantamentos.




O bosque como lugar ao que temer

Estraños profesores e investigadores que utilizan a súa sabedoría para o mal, que non pensan a quen lle fan dano, que inventan sen pensar nas consecuencias...



A solidariedade

A axuda que se presta aos demais. As dúas formigas deciden axudar á princesa como sexa, cargando coa pedra ou esforzándose en rachar o feitizo.



A valentía dos pais da princesa encantada

Non prostrarse ante o demo fixo que este se vingase facéndoa prisioneira.



Estraños mundos

nos que as formigas camiñan de pé, no que as princesas se dividen, ou multiplican, no que as xirafas comen raios de sol...

actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador poderá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou ben pode crear as súas propias baseándose nas que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentalala. O feito de realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel. Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- Pensamos se este título nos lembra outros.
- Escribimos un texto con ese título.
- Imaxinamos títulos parecidos ou coa mesma estrutura (exemplo: «A rocha e os leóns») e inventámoslle historias.
- A lectura do texto que aparece na contraportada axudaranos a adiantar o tema e o argumento do mesmo. Deixamos que vaian saíndo á luz as experiencias e coñecementos previos acerca desta temática.
- Identificamos o autor, buscamos datos acerca del e das súas obras. Podemos comezar coa lapela, posteriormente realizaremos outras buscas na biblioteca e en Internet a través do seu blogue.
- Buscamos o outro libro deste autor e aproveitamos para lelo.
- Podemos falar da colección Merlín, doutros títulos que coñezamos e da opinión que temos deles. Repasamos a solapa na que aparecen «Últimos libros da colección».
- Contamos experiencias, escribimos historias e comentamos libros ou películas que teñamos lido ou visto nos que aparezan as formigas como protagonistas.
- Realizamos un punto de lectura adecuado para esta obra.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións «coma quen mira os santos» e imaxinamos a historia que pode haber detrás (non vale ler!).

actividades

- Falamos acerca de se algunha vez nos atopamos cunha pedra así de grande e redonda (onde, como foi...) Aproveitamos para comentar pedras que nos teñan chamado a atención, porque se semellan a algo...
- Ambientamos a biblioteca ou a aula mentres lemos este libro. Podemos facelo con móbiles dos que colguen diferentes personaxes desta obra, ou podemos realízalos de máis tamaño e colocalos nas paredes...

Ao longo da lectura

- Observemos a dedicatoria. A quen lle dedicarías ti o teu primeiro libro? Cres que os pais se parecen á parella que aparece debuxada na dedicatoria? E aos pais da princesa enfeitizada?
- Cunha mirada rápida situaremos o texto dentro dun xénero literario.
- Identificamos quen conta a historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que máis nos gustan para facer lectura expresiva con outro compañeiro ou compañeira, hai anacos estupendos, de diálogo entre as formigas, que resultarán moi adecuados.
- Miramos as ilustracións para observar a maneira na que o creador personaliza aos animais que aparecen na obra.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións tentando explicar o que nos mostran e observando se nos achegan informacións novas, que non aparecen nos textos.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla.
- A canción que canta a moza soa coma un romance. Estaría ben buscar algún outro para ler, cantar e ver algunha relación coa temática...
- Probemos a cantar a canción da princesa.
- O formigueiro é a casa das formigas. Busquemos documentación acerca deste hábitáculo e de todo o que se relaciona con elas.
- Outro grupo pode especializarse nas xirafas e realizar un traballo de documentación sobre elas.
- No texto hai momentos de verdadeiro humor. Cada un de nós pode comentar o que lle fixo graza.
- Explicamos a ilustración que acompaña ao texto que comeza «As formigas puxéronse en pé dun salto, máis alí non había ninguén. Logo dun anaquiño sentiuse de novo a voz (...)».
- Formulémonos preguntas relacionadas co texto:

actividades


- Que é o primeiro que che chama a atención neste libro?
- Hai algo raro nesas dúas formigas? Serán obreiras?
- Por que lles dá medo o bosque? E a ti?
- Quen son os lobishomes?
- Consideras que as xirafas teñen algo de maxia? Por que cres que o autor a coloca nese mundo marabilloso?
- Que bebe a xirafa? Para que?
- Como sabe o bocata de patacas fritas?
- Algunha vez tes sentido que asistías a un momento máxico como lles pasa ás dúas formigas cando observan á xirafa no raio de luz? Como foi a túa experiencia?
- Que opinas dos bocadillos que levan as xirafas?
- Por onde sacar a princesa dunha pedra que é coma un ovo? Onde pode estar a porta de entrada e saída? Como se abren as pedras?
- É lóxico que unha formiga poida cargar cunha pedra tan grande? Que acostuman cargar e de que tamaño?
- Cres que esa é a mellor maneira de cargar a pedra?
- Atopastes algunha onomatopea?
- En que notas que o ilustrador é o mesmo que o autor?
- Podemos poñerlle nome a esas formigas, que semellan ser machos; ver de definir-lles a personalidade (unha semella máis sensible...) ou consideras que sería unha contradición tratándose de formigas?
- De calquera maneira estas formigas son especiais, en que se nota?
- Poñámoslle pequenos textos ás ilustracións como se se tratase de pés de foto.
- Observemos a ilustración na que se ve ao demo, á bruxa... de que vai disfrazado o demo? Por que será?
- Explicamos cal cres que é a razón pola que un par de ilustracións están en branco e negro.
- É a hora de buscar formigas polo patio, de seguilas e facer un traballo de campo.
- Escribimos a historia da xirafa.

Despois da lectura

- Resumimos a historia contándoa en poucas palabras ou realizando unha liña argumental.
- Imaxinemos que non aparece a xirafa, como continuariades a historia?
- Escribamos outro relato protagonizado por formigas.

actividades

- Analicemos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Busquemos outros relatos de encantamentos, leámoslos e comentémoslos.
- Comentemos os valores que defende o autor neste texto.
- Opinemos acerca do final desta historia. Como a remataríamos? Continuemos o relato no momento no que o deixou o autor.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e tamén as lembranzas que foron aflorando ao longo da mesma.
- Escribímoslle ao autor comentándolle a obra.
- Repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Pasamos a historia a cómic ou escribimos un poema relacionado con ela.
- Tentamos representar esta historia, tal e como se fose unha obra de teatro.
- Pensamos noutros textos que poderíamos relacionar con este, porque tamén están protagonizados por formigas, porque son fantásticos...
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 47-2009